



## MEMORIA DA PRESIDENCIA

Neste mandato 2019-2023, concédeseme a honra de presentar ante vostedes, representantes da cidadanía que conforman o Pleno da Corporación, un novo Proxecto de Orzamentos, neste caso para o vindeiro exercicio 2021.

Para a elaboración deste Proxecto de Orzamentos, a Deputación de A Coruña non foi allea ao novo contexto actual, adoptando medidas extraordinarias inmediatas de contención do impacto económico e social, de apoio, en definitiva, aos concellos da provincia, que son os que estiveron e están en primeira liña da crise que estamos a padecer.

A ocasión require unha sucinta referencia as principais accións que se emprenderán e desenvolverán no período 2021-2023, con especial atención, como non pode ser doutro xeito, as xa iniciadas no presente ano 2020, que tantos retos temos que afrontar como sociedade. Tamén considero necesario esbozar unhas ideas xerais sobre as políticas que se pretenden levar a cabo coas cifras que recolle este orzamento, no que se condensa o noso plan económico para o vindeiro ano.

### PRIMEIRO.- RESUMO DO ANTERIOR MANDATO 2015-2019

No espazo dedicado a facer unha “*memoria telegráfica*” das accións que ocuparon o anterior mandato da Corporación Provincial no período 2015-2019, considero necesario facer tres apartados:

**1.-** Unha primeira área da actividade provincial é a relativa a dar continuidade e profundar en liñas de accións que constituíron a actividade anterior da Deputación:

- Plans provinciais:

Denominación do Plan	Aplicación Orzamentaria	Exercicio 2016		Exercicio 2017		Exercicio 2018		Exercicio 2019	
		Créditos Iniciais	Créditos Definitivos	Créditos Iniciais	Créditos Definitivos	Créditos Iniciais	Créditos Definitivos	Créditos Iniciais	Créditos Definitivos
C.E.L. Plan de Obras e servizos (POS+) Achega anticipada no exercicio anterior	0430/459/46201	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	0430/459/76201	0,00	0,00	0,00	20.000.000,00	0,00	26.000.000,00	0,00	16.800.000,00
C.E.L. Plan de Obras e servizos (POS+) Achegas do propio exercicio	0430/459/46201	12.100.000,00	12.100.000,00	17.600.000,00	17.600.000,00	20.000.000,00	20.000.000,00	21.000.000,00	21.000.000,00
	0430/459/76201	12.100.000,00	12.100.000,00	14.900.000,00	30.900.000,00	6.500.000,00	22.500.000,00	5.500.000,00	44.500.000,00
C.E.L. POS Préstamo Provincial	0430/943/821.20	21.485.000,00	21.485.000,00	21.500.000,00	21.500.000,00	23.500.000,00	23.500.000,00	18.200.000,00	18.200.000,00
<b>Total POS+</b>		<b>45.685.000,00</b>	<b>45.685.000,00</b>	<b>54.000.000,00</b>	<b>90.000.000,00</b>	<b>50.000.000,00</b>	<b>92.000.000,00</b>	<b>44.700.000,00</b>	<b>100.500.000,00</b>
Plan de Conservación de vías provinciais	0410/4531/61900	11.700.000,00	11.700.000,00	7.900.000,00	8.650.000,00	7.900.000,00	8.400.000,00	8.000.000,00	8.000.000,00
Plan de Investimentos de vías provinciais	0410/4531/60900	4.000.000,00	4.000.000,00	4.000.000,00	4.675.968,15	3.500.000,00	5.500.000,00	3.500.000,00	3.500.000,00
Plan de Travesías	0410/4533/60900	2.000.000,00	2.000.000,00	2.000.000,00	2.255.000,00	1.610.000,00	2.110.000,00	1.650.000,00	1.650.000,00
Plan Sendas peonís	0410/4535/60900	2.500.000,00	2.500.000,00	2.500.000,00	3.250.000,00	1.610.000,00	2.610.000,00	1.650.000,00	1.650.000,00
<b>Total Plans de estradas</b>		<b>20.200.000,00</b>	<b>20.200.000,00</b>	<b>16.400.000,00</b>	<b>18.830.968,15</b>	<b>14.620.000,00</b>	<b>18.620.000,00</b>	<b>14.800.000,00</b>	<b>14.800.000,00</b>
Plan de Emprego Local (PEL)	... /24100/ ...	3.000.000,00	7.000.000,00	6.000.000,00	6.339.916,11	7.812.814,00	9.248.920,23	9.824.739,41	12.539.860,66
<b>TOTAL DE TODOS OS PLANS</b>		<b>68.885.000,00</b>	<b>72.885.000,00</b>	<b>76.400.000,00</b>	<b>115.170.884,26</b>	<b>72.432.814,00</b>	<b>119.868.920,23</b>	<b>69.324.739,41</b>	<b>127.839.860,66</b>



- Asistencia aos concellos da provincia nos ámbitos xurídico, económico, tributario, informático e urbanístico.
- Fomento dos servizos sociais, da cultura, do deporte, da lingua, etc..., tanto directamente dende a Deputación como en colaboración cos concellos ou outras entidades de titularidade municipal así como con entidades privadas sen ánimo de lucro.
- Actividades en colaboración con outras entidades públicas como o Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, a Fundación Axencia Enerxética Provincial (FAEPAC), o Consorcio Promoción Turística da Coruña, o Consorcio de Promoción da Música, etc.
- O sistema de información Europe-Direct.

**2.-** Un segundo apartado, que reflexa a posta en marcha de novos proxectos que se encontrarían pendentes de execución ou simplemente de finalización:

- Carril-bici metropolitano.
- Formación financiada por el con Fondo Social Europeo (FSE) para a inserción laboral de colectivos con especiais dificultades.
- Implantación da Administración electrónica na Deputación e nos concellos.
- Programas de transparencia e de Protección de Datos.

**3.-** Un terceiro apartado que se refire a os novos proxectos, xestionados integramente neste mandato, que consideramos da máximo transcendencia:

- A definición, regulación e aplicación dun novo modelo de cooperación cos concellos da provincia, a través do Plan de Obras e Servizos POS 2016-2019.
- A elaboración e execución dun ambicioso Plan de Emprego Local 2016-2019.
- A aprobación dun Plan Director de Mobilidade 2018-2021.
- A definición e aprobación inicial da participación da Deputación en proxectos relacionados cos Camiños de Santiago.
- Os xeoparques.

## **SEGUNDO.- O ENTORNO ECONÓMICO E SOCIAL XERAL**

Actualmente estamos a sufrir unha pandemia da COVID-19 que supón unha crise de saúde a nivel global, e a súa rápida propagación por todo o mundo está a derivar na transmisión da crise á economía e a toda a sociedade a gran velocidade, afectando tanto á actividade produtiva, como á demanda e ó benestar dos cidadáns. Ante esta situación de emerxencia e pandemia internacional, o Goberno do Estado adoptou o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declarou o estado de alarma para a xestión da situación da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, que con sucesivas prórrogas se estendeu ata o pasado mes de xuño, e recentemente ven de declarar un novo estado de alarma, a través do



Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para cortar a propagación de infeccións causadas polo SARS-COV-2

A crise sanitaria e socioeconómica derivada do COVID-19, e das medidas de confinamento social e paralización da actividade económica, que resultaron precisas para a contención da pandemia, varían, como non pode ser doutro xeito, a planificación de traballo do conxunto das áreas da Deputación de A Coruña.

O Organismo Provincial de A Coruña, como administración pública de carácter territorial conformada pola agrupación dos 93 concellos da provincia, debe pór a súa primeira e máis importante atención, agora máis que nunca, para que nese nivel municipal o conxunto da veciñanza se sinta ben atendida no tocante ás infraestruturas e prestacións de servizos básicos de competencia local. Máis temos que ter en conta o contexto socioeconómico derivado da pandemia, e poñer o foco do noso esforzo especialmente no fomento da reactivación económica, o emprego e a atención dos máis desfavorecidos pola pandemia, especialmente familias, menores. Conscientes de que esa é a nosa primeira responsabilidade, presentamos estes orzamentos, que veñen marcados por un entorno do que cómpre salientar cinco notas fundamentais:

1. Para afrontar a actual situación excepcional, é necesario adoptar dende a Institución Provincial medidas urxentes extraordinarias que poidan axudar a facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19; a Deputación, dentro das súas limitadas posibilidades no ámbito da promoción do emprego, seguirá a esforzarse para aportar medidas paliativas, consignándose inicialmente 10.000.000,00 de euros neste exercicio para dar continuidade ao Plan de Emprego Local (PEL). A esta consignación inicial, deben sumarse as partidas consignadas no EMC número 4, de 3.000.000,00 de euros, configurado como anticipo ao PEL 2021 e co obxectivo de dar continuidade á contratación de persoal nos servizos municipais esenciais, e PEL Cidades de 3.000.000,00 de euros.
2. A xestión económica pública neste período segue certamente limitada por un balance fiscal deficitario e polo crecemento da débeda pública, que tamén, derivado da situación de pandemia, marca o máis alto nivel na nosa historia, no entorno do 114 por 100 do Produto Interior Bruto no terceiro trimestre do ano aínda que coa previsión de alcanzar o 120 por 100 a finais de ano, polo endebedamento do estado e da seguridade social. As administración locais, no seu conxunto, apártanse desta tendencia e xa pecharon os últimos exercicios con superávit, o que pon de manifesto a responsabilidade coa que xestionan, en xeral, os gobernos locais.
3. Asemade, para a elaboración da nosa planificación, neste exercicio non temos aprobada a Lei de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2021, en plena tramitación, documento esencial para orientar as decisións das restantes administracións públicas y para aclarar as posibles incertezas relevantes para todos os axentes económicos e sociais. As previsións dos ingresos e gastos máis relevantes deste Proxecto de Orzamentos veñen determinadas sobre a base das previsións estatais.



4. As entidades locais terán que afrontar a devolución parcial das liquidacións da participación nos tributos do Estado dos exercicios 2008 e 2009. En concreto, neste exercicio, esta Deputación vai a amortizar a contía de 2.122.169,64 euros.
5. O Equipo de Goberno da Deputación Provincial de A Coruña é consciente da importancia do orzamento coma instrumento para a correcta xestión dos servizos provinciais e para a actuación dos concellos da Provincia nun período certamente dificultoso. Por iso, entende que é unha decisión estratéxica abordar a elaboración deste importante documento para que entre en vigor no mes de xaneiro.

Neste contexto, a xestión económica continúa a priorizar o mantemento e mellora dos servizos básicos municipais que teñen maior relevancia no benestar económico e social da cidadanía da provincia. A existencia de subministración de auga en todos os núcleos de poboación, a correcta xestión da rede de sumidoiros, o bo e eficiente funcionamento da iluminación e a axeitada pavimentación dos camiños e vías públicas, son claros indicadores, cos que a nosa veciñanza aprecia e valora a xestión pública local, para estes efectos a Deputación aproba anualmente un Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS+), en cuxa elaboración deben participar os concellos da provincia, cunha dotación total neste orzamento de 34.500.000,00 euros, aos que se engaden os 30.100.000,00 € incluídos no EMC 5/2020, coma achega anticipada ao POS+ 2021.

É preciso resaltar que neste Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS+), intégrase unha partida de 14.000.000,00 de euros, para paliar os efectos no ámbito económico e social do COVID-19 en materia de servizos sociais (POS+ SOCIAL); esta medida reforza a protección que o Organismo Provincial ven de proporcionar a través da achega xa realizada no POS+ADICIONAL 1/2020 (gastos sociais extraordinarios COVID-19), por importe de 4.000.000,00 de euros. Fondos prepagables, que os concellos percibiron de maneira inmediata.

### TERCEIRO.- PROXECTO DE ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2021

Con tal afán, mantendo a continuidade na política de austeridade e contención do gasto corrente, enuméranse de seguido algún dos fundamentos dos que se partiu para a cuantificación dos distintos capítulos de gastos e ingresos do orzamento:

- Non haberá operacións de débeda no exercicio 2021, reflectíndose no seguinte cadro a evolución da carga financeira desde o ano 2011:

CONCEPTO	ANO 2011	ANO 2012	ANO 2013	ANO 2014	ANO 2015	ANO 2016	ANO 2017	ANO 2018	ANO 2019	ANO2020	ANO2021
Cota Intereses	1.265.495,63	815.699,59	265.804,14	282.987,68	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Débeda a 31/12	77.903.127,33	57.396.703,32	36.603.735,48	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

- No tocante á estimación de ingresos, o concepto de ingresos de máis importancia tanto en termos tanto absolutos como relativos constitúeo o apartado xenérico de participación



nos tributos do Estado que non experimenta incremento significativo respecto da previsión inicial do exercicio 2015. Nas previsión por este concepto é preciso deducir o resultado das liquidacións definitivas dos exercicios 2008 e 2009 cuxa evolución segue afectando á sustentabilidade da Facenda Provincial.

Para a confección deste Proxecto orzamentario, tense partido dunha estimación moi realista e aplícanse as seguintes referencias de estabilización automática:

- Se os ingresos acreditados ata o 31 de setembro de 2021 pola participación nos tributos do Estado permitisen estimar fundadamente unha maior recadación durante o exercicio, incrementaranse as dotacións destinadas aos concellos no importe correspondente, sempre que os restantes conceptos de ingreso se vaian realizando con normalidade. Se ditos ingresos foran inferiores aos estimados terán que realizarse os axustes correspondentes nas partidas de gasto reducibles sen perturbación dos servizos esenciais.
- Se a liquidación do Orzamento de 2020 presenta un saldo positivo do Remanente de Tesourería dispoñible para novos gastos, destinarase o seu importe a novos proxectos estratéxicos e a dotar orzamentariamente o novo Plan provincial POS + 2021 dirixido aos Concellos da Provincia para tender investimentos financeiramente sustentables vinculados aos gastos dos servizos municipais esenciais.
- As economías de adxudicación obtidas nos Plans Provinciais reinvestiranse no concello correspondente na súa totalidade.
- O 75 por 100 do importe do Fondo de Continxencia que non se teña utilizado a 1 de outubro de 2021, destinarase a novos gastos de investimentos financeiramente sustentables, sempre que as condicións de estabilidade orzamentaria así o permitan.
- Os Plans Provinciais que se dotan inicialmente financiaranse integramente con recursos propios e poderán aprobarse tan axiña como se dispoña da documentación municipal necesaria. Segundo esta dotación inicial, o Plan de Obras e Servizos (POS+) disporá dun crédito total de 34.500.000,00 euros, aos que engadir 30.100.000,00 incluídos no EMC 5/2020 como achega anticipada ao POS+ 2021.
- Só se financiarán con achega finalista doutras administracións públicas, neste caso da Unión Europea, aos seguintes proxectos:
  - PEL - emprego sostible no ámbito rural (financiado polo FSE), destinado a potenciar á posta en marcha de proxectos empresariais e á creación de emprego xuvenil nos municipios máis pequenos e rurais da nosa provincia.
  - Proxecto LIFE WATER WAY (financiado pola comisión europea).

Estes proxectos, no importe atribuído á UE quedarán condicionados, en todo caso, á existencia de documentos que acrediten os compromisos firmes de achegas, no suposto de axudas, subvencións, doazóns ou outras formas de cesión de recursos por terceiros tidos en conta nas previsión iniciais do orzamento co efecto da súa nivelación e ata o importe previsto nos estados de ingresos na orde da afectación



dos ditos recursos na forma prevista na lei ou, no seu caso, as finalidades específicas das achegas que se han realizar e igualmente quedando condicionado o proxecto a concesión das autorizacións dispostas no art. 53 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, de conformidade coas regras contidas no capítulo VII do título I da devandita lei, no caso de que existan previsión iniciais dentro do capítulo IX do estado de ingresos.

Desde logo que segue a ser unha prioridade deste Equipo de Goberno realizar un gasto responsable, e, como consecuencia delo, non se gastará máis do que nos permiten os nosos recursos dispoñibles, a pesar da suspensión temporal da aplicación das regras das regras fiscais.

- Polo que respecta aos gastos de persoal, no capítulo 1 recóllense as partidas necesarias para atender os compromisos adquiridos cos representantes do persoal funcionario e as que resulten das novas necesidades organizativas.

Nas previsións orzamentarias para o exercicio 2021 tomáronse en consideración as retribucións que resultan dos Acordos alcanzados cos representantes sindicais que comportan un obxectivo compartido de mellora na eficiencia e calidade dos Servizos Públicos Provinciais.

O esforzo de exercicios anteriores concentrouse en tres obxectivos esenciais:

- Racionalizar a Relación de Postos de Traballo:
  - Valoración de todos os postos de traballo.
  - Creación de novos postos de traballo.
- Dotar e levar a cabo os procesos de promoción interna.
- Xestionar a consolidación e estabilización do emprego temporal.

Agora pretendemos culminar, de forma consensuada cos representantes sindicais, os seguintes obxectivos:

- Avaliación definitiva de todos os postos de traballo e a súa adecuación ás condicións da "carreira administrativa".
- Adaptación para a mellor asistencia aos concellos.

Dotamos un fondo destinado a poder atender un posible incremento retributivo do persoal ao servizo da Deputación do 0,9 por 100, se o autoriza a futura Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

- No tocante ao gasto destinado a financiar obras e servizos municipais, este Goberno parte dunha premisa fundamental para a súa actuación: a autonomía municipal. Por tal razón, mantéñense as distintas opcións existentes para que cada concello elixa adicar os recursos asignados a gasto corrente, a gastos social (posibilidade incluída neste exercicio), a amortización anticipada de débeda municipal ou investimento.



- Coma vén sendo habitual, neste Proxecto incorpórase para o exercicio 2021 os créditos necesarios para o financiamento de servizos públicos esenciais, como é o caso da transferencia a prol do Consorcio para a Extinción de Incendios, entidade na que a Deputación está asociada á Xunta de Galicia, financiando cada administración o 50 por 100 do seu gasto, achegando cada unha algo máis de 3.700.000,00 € para contribuír á loita contra os incendios e os seus efectos devastadores tan coñecidos pola sociedade galega e aos que resulta tan sensible calquera cidadán responsable.

As principais modificacións do Orzamento do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Provincia da Coruña para o exercicio 2021 continúan coa liña de cambio na forma de xestión e mantén as retribucións acordadas cos representantes sindicais e que supón unha táboa retributiva única e común para todos os parques de bombeiros, que garante a igualdade de todos quen realicen iguais tarefas e a seguridade xurídica de todos.

- En canto a Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC), propoñemos darlle un impulso esencial, ante o reto actual e futuro de enerxía, elemento esencial do custe do servizos públicos municipais e actividade económica e familiar, actualmente desenvolve as seguintes actividades:
  - a) Realización de estudos de planificación e programación para establecer un plan de actuación enerxética a nivel provincial.
  - b) Favorece-la información sobre a enerxía o público en xeral e formación sobre programas específicos de optimización e racionalización enerxéticos.
  - c) Promove as actividades de certificación e de diagnoses enerxético nos edificios e as industrias.
  - d) Fomentala participación dos axentes locais en actuacións destinadas o uso reacional da enerxía.
  - e) Fomentalo aforro da enerxía mediante a explotación eficiente dos recursos e do uso de tecnoloxías limpas.
  - f) Fomentala creación de axencias locais de enerxía.
  - g) Impulsala implantación de instalación de enerxía renovable a través da investigación e transferencia de coñecementos e experiencias.
  - h) Asesoramento tecnolóxico e económico no deseño e realización de estudos e investimentos en instalación e infraestrutura enerxética.

Por outra banda, durante o exercicio 2020, a FAEPAC, en colaboración coa Deputación, ven de poñer en marcha un proxecto destinado á atención a cidadanía, particularmente no tocante a aforro enerxético, eficiencia enerxética e pobreza enerxética cun balance de 300 xestións.

No ano 2021 a Deputación incrementará a súa participación no proxecto pasando de 34.500,00 euros a 50.000,00 euros, co obxectivo de establecer unha oficina itinerante polos diferentes concellos e aproximar este servizo aos cidadáns de toda a provincia.



- Xa no apartado concreto de subvencións á entidades sen fin de lucro, xuntamente cos programas tradicionais para actividades culturais, deportivas, sociais e de promoción económica dos distintos sectores produtivos, considérase prioritario dar resposta ás novas demandas das entidades neste contexto de crise, así como o fomento de accións tendentes a favorecer a igualdade efectiva da muller, a loita contra a violencia de xénero, e o fomento do noso maior valor cultural: a lingua galega.

No proxecto de orzamento inclúense as dotacións necesarias para poder tramitar ao longo do exercicio 2021 subvencións a favor de diferentes entidades públicas e privadas sen ánimo de lucro. Unha vez que se complete a documentación administrativa requirida e os informes preceptivos e se adopten os acordos necesarios polo Pleno da Corporación, cuxo detalle aparece reflectido nas Bases de Execución.

- Mantéñense os créditos necesarios para seguir prestando do mellor xeito posible asistencia xurídica, económica e técnica e urbanística aos nosos concellos, así coma darlles cobertura suficiente na plataforma informática de xestión electrónica e subministración e implementación de novas funcionalidades na aplicación informático-contable e de xestión de nóminas. Tamén se intentará actualizar a aplicación de contabilidade que se lles subministra de balde ás entidades sen fin de lucro da Provincia, para que poidan cumprir axeitadamente coas súas obrigas contables.

Insístese no carácter prioritario da asistencia aos municipios da provincia en materias xurídicas, económicas, técnicas e urbanísticas e da modernización administrativa a través dos recursos inicialmente asignados a estes labores para o exercicio 2021: continuarase a desenvolver a asistencia no control horario nos concellos, procederase a ampliar a plataforma informática de xestión electrónica, implantaranse novas funcionalidades da aplicación informático-contable e de xestión de nóminas dos Concellos, desenvolverase a tramitación telemática de expedientes, colaborarase na incorporación dos concellos nas plataformas de contratación pública e ampliaranse as funcionalidades informáticas para a xestión tributaria municipal dos seus recursos non delegados.

Tentamos modernizar significativamente os recursos informáticos municipais, provinciais e das Fundacións, Asociacións e Entidades, a mellora progresiva da informatización integral da xestión municipal, do Boletín Oficial da Provincia, da contratación electrónica e da oficina tributaria virtual.

É unha realidade o gran apoio que durante o período de confinamento proporcionou a Deputación de A Coruña aos concellos da provincia, mantendo en funcionamento servizos esenciais, como os de servizos sociais e teleasistencia, entre outros.

- No Orzamento Provincial de 2021 refórzase a Promoción económica dos sectores primarios: agricultura, gandería, pesca, enerxías renovables, etc..., cunha dotación inicial consecuencia dos recursos dispoñibles.





- Contémplanse programas de solidariedade destinados ás Comunidades galegas no exterior, a organizacións non gobernamentais, a asociacións e entidades prestadoras de servizos sociais.
- Ao propio tempo, estímense prioritarias as dotacións dos Servizos Sociais municipais, cuxas previsións iniciais pretendemos incrementar, e coordinar a súa xestión coa Comunidade Autónoma e con outras entidades públicas e privadas.
- Tamén se incrementan os recursos destinados a outros programas que consideramos prioritarios e preferentes: promoción da igualdade da muller, fomento da lingua galega e rede cultural.
- Continuaremos a execución de programas xa iniciados que consideramos do máximo interese público, polo que destinaranse importantes recursos aos plans provinciais e aos convenios para investimentos municipais para mellorar as estruturas e servizos municipais que tan directamente afectan o benestar cidadán que nunha primeira aproximación adicaranse a estes fins un importe total de 89.410.000,00 €:

### **DOTACIÓN ORZAMENTARIA ESTIMADA DOS PLANS PROVINCIAIS**

DENOMINACIÓN DO PLAN	EXERCICIO 2021
C.E.L. PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) Achega anticipada 2021	30.100.000,00
C.E.L. PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS+ 2021)	29.000.000,00
C.E.L. POS+ PRESTAMO PROVINCIAL	5.500.000,00
PLAN DE CONSERVACION DE VIAS PROVINCIAIS	8.000.000,00
PLAN DE INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS	3.500.000,00
PLAN DE TRAVESIAS	1.650.000,00
PLAN DE SENDAS PEONÍS	1.650.000,00
PLAN DE SEGURIDADE VIARIA INTEGRAL	10.000,00
PLAN DE EMPREGO LOCAL (PEL)	10.000.000,00
<b>TOTAL PLANS</b>	<b>89.410.000,00</b>

O POS+ 2021 continúa na liña iniciada co POS+ 2017, coa intención de acadar as seguintes finalidades: reducir o número de Plans destinados a colaborar cos concellos, racionalizar e obxectivar a colaboración desta deputación cos concellos da provincia, facer un Plan dinámico que poida ver incrementada a súa dotación orzamentaria e se adapte ao longo do ano para absorber incrementos da achega provincial se os houbera, dar resposta á situación e necesidades concretas de cada concello reforzando a súa autonomía e responsabilidade mediante a ampliación e a flexibilidade do seu obxecto que pasa a ser múltiple e contribuír de forma efectiva á redución do endebedamento dos concellos, de permitir o cumprimento do período medio de pago aos provedores



municipais, de permitir o financiamento dos servizos municipais esenciais e de permitir a realización de melloras substanciais nas infraestruturas municipais.

A máis abundamento, como xa se indicou, este Proxecto de Orzamentos 2021 contempla unha dotación de 14.000.000,00 de euros, destinada ao POS+ SOCIAL, para o financiamento de gastos sociais extraordinarios do exercicio 2021:

- a) Reforzo de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais, co obxecto de apoiar aos equipos actuais, e facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan.
- b) Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás persoas soas ou familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social, con baixos o nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración.
- c) Axudas as familias para gastos que faciliten a escolarización, material informático, acceso aos medios dixitais, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.
- d) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.
- e) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación.
- f) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar.
- g) Adquisición de medios de prevención (EPIS), destinados exclusivamente aos profesionais dos servizos sociais e ás persoas usuarias dos programas que non contén con medios para adquirir os mesmos, a criterio do persoal técnicos dos servizos sociais.
- h) Outras medidas que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, así como os servizos e centros de carácter municipal, con motivo desta crise.

O Plan de Emprego Local (PEL) concíbese como un instrumento que complementa as medidas de cooperación e asistencia promovidas para fomentar o desenvolvemento territorial da provincia; este proxecto, que comezou a súa andaina no pasado mandato, constitúe o primeiro Plan de Emprego da historia desta institución, cun esforzo inversor sen precedentes, dirixido a desenvolver o "*gran potencial*" que ten o noso territorio, e a crear un novo escenario de oportunidades que as novas xeracións da nosa provincia poidan aproveitar. Razóns as expostas, polas que neste Proxecto de Orzamentos este programa dótese inicialmente con 10.000.000,00 de euros. A esta dotación inicial, deben sumarse os 3.000.000 do PEL CONCELLOS aprobados no EMC número 4, que deben entenderse como un anticipo ao programa do 2021, e o PEL CIDADES, incorporado al EMC número 5, que se refiren máis adiante.

Un dos principais obxectivos é orientar e activar todos e cada un dos recursos da Deputación cara a unha meta común: A xeración de actividade económica e emprego para que A Coruña sega sendo o motor económico de Galicia.



Nesta liña, é preciso resaltar que a Deputación aprobou xa no presente exercicio dotacións extraordinarias para a reactivación económica da provincia de A Coruña:

1. Para o programa PEL-REACTIVA, por importe de 10.000.000,00 de euros, en aras de potenciar a supervivencia de microempresas e autónomos, destinado a concellos de menos de 50.000 habitantes.
  2. O programa PEL CONCELLOS, destinado a concellos de menos de 20.000 habitantes, dirixido a subvencionar os custos de contratación de traballadores e traballadoras demandantes de emprego nos distintos concellos, que se contraten expresamente para a realización de traballos necesarios para a prestación de servizos municipais, acordes ás competencias definidas no artigo 25 da Lei de Bases de Réxime Local. Á dotación inicial deben sumarse os 3.000.000,00 de euros do PEL CONCELLOS, aprobados no EMC número 4, coa finalidade de dar a posibilidade de reforzar os medios persoais necesarios para a prestación dos servizos municipais esenciais e para atender as necesidades postas de manifesto nesta pandemia.
  3. Para o programa PEL CIDADES, que se inclúe no EMC número 5, que se presenta a este Pleno, cun total de 3.000.000,00 de euros, incrementando deste xeito a dotación orzamentaria de transferencias a concellos, para desenvolver unha actuación específica PEL nos concellos de máis de 50.000 habitantes da nosa provincia (A Coruña, Santiago e Ferrol), orientado a sectores específicos, como a hostalería, o turismo e o comercio, a través dunha axuda económica que será distribuída directamente polos propios concellos, facilitando deste xeito a coordinación das administracións públicas, e facilitando ó acceso os destinatarios. Axuda provincial que verase incrementada con aportacións propias das entidades locais.
- A Deputación continuará no vindeiro exercicio o desenvolvemento do Plan Director de Mobilidade Ciclista Provincial, continuando coa crecente importancia das estratexias de mobilidade sostible a nivel provincial, en liña coa súa consideración de política prioritaria na UE. Neste senso, a Deputación seguirá a impulsar na provincia proxectos de promoción de usos de transporte non motorizados, orientados á mellora do medio ambiente, da saúde, do patrimonio e da economía, como ocorre coas vías ciclables.

O devandito proxecto continuará a desenvolver os seguintes programas:

- Programa Vías Verdes.
- Programa Camiño dos Faros
- Programa Sendas.....

Con este proxecto preténdense distintos obxectivos relevantes:

- Unha alternativa de transporte limpo.
- Unha infraestrutura de deporte.
- Un atractivo turístico.
- Unha ferramenta de desenvolvemento local que contribúa a xerar emprego e a asentar a poboación no territorio.



- Como é por todos sabido o Proxecto de Lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia non inclúe ás Deputacións Provinciais entre os destinatarios do Fondo Galego de Cooperación Local; mentres as diferentes normas autonómicas séguenlles atribuíndo competencias sen cuantificación e sen dotación orzamentaria. Tamén hai que dicir que este mesmo Proxecto de Lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma non adecúa as asignacións aos Concellos ás competencias que a normativa autonómica atribúelles e á situación económico-financeira destes. Sirva de exemplo o seguinte cadro no que se recollen os custos e rendementos anuais dos servizos educativos e de protección a menores que sendo competencia exclusiva da Comunidade Autónoma son prestados pola Deputación da Coruña. O importe anual destinado a estes servizos minora, evidentemente, os fondos asignados aos concellos da provincia.

CENTROS	2020			2021		
	C. totais	Rendementos	Diferenza	C. iniciais	Rendementos	Diferenza
F.I. Emilio Romay (23112)	2.747.980,62	347.000,00	2.400.980,62	2.857.668,61	340.000,00	2.517.668,61
C.D.M. de Ferrol (23113)	1.281.667,59	70.000,00	1.211.667,59	1.309.455,56	60.000,00	1.249.455,56
S. X. Centro Calvo Sotelo (93365)	932.401,00	21.000,00	911.401,00	896.640,00	15.500,00	881.140,00
C.R.D. Calvo Sotelo (23111)	311.121,53	20.000,00	291.121,53	337.172,02	15.000,00	322.172,02
IES Calvo Sotelo (3241)	1.713.978,63	106.925,61	1.607.053,02	1.668.727,02	106.925,61	1.561.801,41
IES Puga Ramón (3242)	2.856.085,58	490.096,50	2.365.989,08	2.958.697,91	490.096,50	2.468.601,41
Conservatorio (3261)	756.395,55	40.000,00	716.395,55	765.140,74	32.000,00	733.140,74
<b>TOTAL CENTROS</b>	<b>10.599.630,50</b>	<b>1.095.022,11</b>	<b>9.504.608,39</b>	<b>10793501,86</b>	<b>1059522,11</b>	<b>9.733.979,75</b>

- Non pode finalizarse este breve comentario sobre os gastos provinciais do exercicio 2021 sen manifestar que o crecemento dos gastos correntes (capítulo I e II) está xustificado polas seguintes consideracións:
- a) Non todos os gastos correntes son negativos nin todos os investimentos son positivos. Aqueles gastos correntes que atenden as funcións sociais básicas coma educación, ensino, atención a dependentes, servizos sociais, sanidade, seguridade, igualdade, en fin, os directamente relacionados coa atención axeitada dos servizos sociais esenciais deben achegarse aos obxectivos de calidade e eficiencia social necesarios. Son, en definitiva, auténticas inversión nas persoas.
  - b) A adecuación das condicións de traballo, a estabilización do emprego temporal e a procura da máxima profesionalización dos servidores públicos son requirimentos ineludibles dun Estado Social.
- Para dar cumprimento ao disposto na normativa básica estatal únense ao Orzamento Provincial os dos entes adscritos: Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña e Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC).

Xa que logo, ben podo asegurar que o orzamento que se presenta ante vostedes pode ser caracterizado polas seguintes notas:



- Rigoroso no aspecto formal, con pleno respecto das normas xurídicas de aplicación.
- Responsable co interese xeral presente e futuro.
- Austero e realista.
- Cun marcado carácter social, comprometido co benestar e calidade de vida dos cidadáns.
- Socialmente sensible e orientada ao emprego.
- Dinámico e adaptable.

#### **CUARTO.- BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2021**

Pola súa banda, as Bases de execución do Orzamento manteñen unha estrutura similar ás do exercicio corrente e anteriores, téndose introducido algunhas modificacións para adaptalas ás novidades normativas e outras para una mellor xestión. En síntese, a través das mesmas regúlanse as seguintes materias:

- 1) Previsións das estimacións de ingresos e gastos e que se adecuarán ás que resulten finalmente da aplicación da Lei de Orzamentos xerais do Estado para o exercicio 2021.
- 2) Normas para adaptar á xestión de subvencións dirixidas á entidades públicas e privadas ás circunstancias económicas e financeiras do exercicio 2021 coas determinacións da Ordenanza Xeral de Subvencións e transferencias, para mellorar a súa xestión e implementar a xestión electrónica.
- 3) Regúlase, así mesmo, o Fondo de Continxencia Provincial dotado con 3.690.000,00 euros para atender a necesidades imprevistas non discrecionais durante o exercicio e cuxo 75% dispoñible no día 31 do mes de outubro poderá destinarse a novos investimentos financeiramente sustentables nas condicións que permitan as normas de aplicación.
- 4) Modifícase a Base 28 dedicada aos "contratos menores" co fin de axilizar a súa tramitación dentro dos límites que establece a lexislación básica estatal.
- 5) Tamén se modifica o último parágrafo da Base 51 para "conxelar" as retribucións dos Deputados con dedicación exclusiva durante o exercicio 2021.

Finalmente sinalar que tamén se inclúen distintas adaptacións de orde técnico noutras bases para adecualas aos requirimentos legais da xestión ordinaria.

#### **QUINTO.- PROPOSTA DE ACORDO**

En virtude do todo o exposto anteriormente, de conformidade coas atribucións legais da Presidencia nesta materia, propónse ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión informativa de Economía e Facenda e especial de Contas, que adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar o ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA para o exercicio 2021 por importe de 184.500.000,00 euros e cuxo detalle é o seguinte:



**CLASIFICACIÓN ECONÓMICA:**

INGRESOS		GASTOS	
CAPÍTULOS	IMPORTE	CAPÍTULOS	IMPORTE
I.- IMPOSTOS DIRECTOS	17.904.544,30	I.- GASTOS DE PERSOAL	49.586.766,30
II.- IMPOSTOS INDIRECTOS	14.906.873,78	II.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	30.380.260,22
III.- TAXAS PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	10.835.476,55	III.- GASTOS FINANCEIROS	561.000,00
IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	140.683.328,12	IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	66.570.965,26
V.- INGRESOS PATRIMONIAIS	13.600,00	V.- FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	3.690.000,00
<b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>184.343.822,75</b>	<b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>150.788.991,78</b>
VI.- ALLEAMENTO INVESTIMENTOS REAIS	42.927,25	VI.- INVESTIMENTOS REAIS	18.736.238,22
VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	8.944.000,00
VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	113.250,00	VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	6.030.771,00
IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00	IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00
<b>TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>156.177,25</b>	<b>TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>33.711.009,22</b>
<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>184.500.000,00</b>	<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>184.500.001,00</b>

**CLASIFICACIÓN FUNCIONAL:**

ÁREA DE GASTO	ORZAMENTO
1.- SERVIZOS PÚBLICOS BÁSICOS	2.873.491,57
2.- ACTUACIÓNS DE PROTECCIÓN E PROMOCIÓN SOCIAL	54.947.730,56
3.- PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE	27.165.811,28
4.- ACTUACIÓNS DE CARÁCTER ECONÓMICO	48.136.613,99
5.- ACTUACIÓNS DE CARÁCTER XERAL	51.376.352,60
0.- DÉBEDA PÚBLICA	0,00
<b>TOTAL ORZAMENTO XERAL</b>	<b>184.500.000,00</b>

**2º.-** Aprobar igualmente as Bases de execución para o seu desenvolvemento.

**3º.-** Incorporar ao expediente orzamentario o orzamento inicialmente formado polo CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA para o exercicio 2021, para dar cumprimento ao establecido no artigo 122.4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, que presenta o seguinte resumo por capítulo:



INGRESOS		GASTOS	
CAPÍTULOS	IMPORTE	CAPÍTULOS	IMPORTE
I.- IMPOSTOS DIRECTOS	0,00	I.- GASTOS DE PERSOAL	7.283.465,57
II.- IMPOSTOS INDIRECTOS	0,00	II.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	1.815.901,74
III.- TAXAS PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	2.474.815,53	III.- GASTOS FINANCEIROS	1.500,00
IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	7.460.525,53	IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	511.995,10
V.- INGRESOS PATRIMONIAIS	0,00	V.- FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	198.706,82
<b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>9.935.341,06</b>	<b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>9.811.569,23</b>
VI.- ALLEAMENTO INVESTIMENTOS REAIS	0,00	VI.- INVESTIMENTOS REAIS	123.771,83
VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	0,00	VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00	IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00
<b>TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>0,00</b>	<b>TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>123.771,83</b>
<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>9.935.341,06</b>	<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>9.935.341,06</b>

4º.- Incorporar ao expediente orzamentario o orzamento/plan de actuación inicialmente aprobado pola FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA (FAEPAC) para o exercicio 2021, para dar cumprimento ao establecido no artigo 132 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, que presenta o seguinte resumo por capítulo:

INGRESOS		GASTOS	
CAPÍTULOS	IMPORTE	CAPÍTULOS	IMPORTE
I.- IMPOSTOS DIRECTOS	0,00	I.- GASTOS DE PERSOAL	169.227,57
II.- IMPOSTOS INDIRECTOS	0,00	II.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	78.865,25
III.- TAXAS PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	11.537,17	III.- GASTOS FINANCEIROS	0,00
IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	238.176,66	IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	0,00
V.- INGRESOS PATRIMONIAIS	0,00	V.- FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	0,00
<b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>249.713,83</b>	<b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>248.092,82</b>
VI.- ALLEAMENTO INVESTIMENTOS REAIS	0,00	VI.- INVESTIMENTOS REAIS	1.621,01
VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	0,00	VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00	IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00
<b>TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>0,00</b>	<b>TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>1.621,01</b>
<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>249.713,83</b>	<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>249.713,83</b>



**5º.-** Aprobar o estado consolidado do Orzamento Provincial, co orzamento do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e co orzamento/plan de actuación da FAEPAC para o exercicio 2021, que presenta o seguinte resumo por capítulo:

INGRESOS		GASTOS	
CAPÍTULOS	CONSOLIDADO	CAPÍTULOS	CONSOLIDADO
I.- IMPOSTOS DIRECTOS	17.904.544,30	I.- GASTOS DE PERSOAL	57.039.459,44
II.- IMPOSTOS INDIRECTOS	14.906.873,78	II.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	32.275.027,21
III.- TAXAS PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	13.321.829,25	III.- GASTOS FINANCEIROS	562.500,00
IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	144.447.767,55	IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	63.148.697,60
V.- INGRESOS PATRIMONIAIS	13.600,00	V.- FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	3.888.706,82
<b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>190.594.614,88</b>	<b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>156.914.391,07</b>
VI.- ALLEAMENTO INVESTIMENTOS REAIS	42.927,25	VI.- INVESTIMENTOS REAIS	18.861.631,06
VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	8.944.000,00
VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	113.250,00	VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	6.030.771,00
IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00	IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00
<b>TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>156.177,25</b>	<b>TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>33.836.402,06</b>
<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>190.750.792,13</b>	<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>190.750.793,13</b>

**6º.-** Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, conforme ao disposto no art. 169.1 do Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e art. 20.1 do R.D. 500/1990 do 20 de abril, e se, ao remate do período de exposición non se tiveran presentado reclamacións, considerarase definitivamente aprobado, publicándose, resumido por capítulos no Boletín Oficial da Provincia, segundo establece o art. 169.3 do citado Texto Refundido, consonte co art. 20.3 do R.D. 500/1990 do 20 de abril.

**7º.-** Unha vez aprobado o orzamento remitiranse copias do expediente á Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma, de acordo co disposto na normativa vixente.





**8º.-** O expediente orzamentario permanecerá a disposición pública no Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, na páxina de internet da Deputación e no Portal de Transparencia, en cumprimento do disposto na normativa estatal e autonómica de transparencia, bo goberno e acceso a información pública.

O Presidente,  
Valentín González Formoso  
(asinado dixitalmente)